

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 31 DE XULLO DE 2013**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día trinta e un de xullo deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA e DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, don Manuel Enrique Chaín Fernández, e asisten á sesión a Técnica de Administración Xeral adscrita ao Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, dona Ana Tabarés Martínez, en substitución do Secretario Xeral do Pleno, e a Interventora Xeral Municipal en funcións, dona Elva Anido Anido, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

**ÁREA DE URBANISMO**

**1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.-** Acórdase conceder a licenza municipal de instalación e apertura dun taller de mantemento de automóviles, como reforma e ampliación do taller de mantemento de pneumáticos con licenza 95/1989, na avenida Infanta Elena, Duquesa de Lugo, número 33, baixo.

**2. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase conceder as seguintes licenzas: para legalización de demolición de alpendre, sito na rúa Camiño de Gustavo, número 15; para demolición parcial de edificio ata o nivel do solo, consistente no baleirado interior deste, en edificio con proxecto de rehabilitación en trámite, sito na rúa Tinería, número 16; para demolición da edificación de planta baixa e alta sita na avda. da Coruña, número 227; para adecuación de local para oficinas no edificio con licenza 375/75, sito en solo urbano, na rúa Serra de Ancares; para instalación de ascensor no edificio con licenzas números 230/67 e 183/75, sito en solo urbano, na rúa Montirón, número 17; para legalización de cambio de uso de entresollado de garaxe a oficina e modificación de acceso ao entresollado, no edificio con licenza número 783/97, sito na avda. Marqués de Ombreiro, número 107; para a instalación de ascensor no edificio de vivendas sito na ronda do Carme, número 50; para instalación de elevador, de planta baixa á planta primeira, no edificio sito en solo urbano, na rúa Tuñas Bouzón, número 2; para o cambio de uso de oficinas a vivenda na planta 2ª do edificio con licenza número 720/12, sito na rúa San Pedro, número 62; para o cambio de uso de oficinas a vivenda na planta 1ª do edificio con licenza número 720/12, sito na rúa San Pedro, número 62; para rehabilitación e ampliación de edificios compostos de dos sotos para garaxes, rochos e servizos

Código Seguro de verificación: V8DOzIzMQj15XVqS/oPXcQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>  
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Manuel Enrique Chaín Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural	FECHA	31/07/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	V8DOzIzMQj15XVqS/oPXcQ==	PÁGINA 1/4



comúns, planta baixa para acceso e locais, planta primeira para oficinas e tres plantas máis e aproveitamento baixo cuberta para oito vivendas, na rúa Bolaño Rivadeneira, números 8 e 10; e para construción de vivenda unifamiliar illada, en Cima de Vila, 20, no núcleo rural tradicional de Cima de Vila+Tabernas+Toiriz, parroquia de Santiago de Piúgos.

Tamén se acorda exceptuar do cumprimento das condicións NHV-2010, Normas de Habitabilidade de Vivendas de Galicia 2010, reguladas polo Decreto 29/2010, do 4 de marzo, a actuación de instalación dun ascensor en edificio existente sito na rúa Pintor Pacios, número 16.

Acórdase conceder a licenza de primeira utilización para o edificio sito na rúa Orquídea, nº 1, e rúa da Herba, nº 1, con licenzas de obra números 725/95 e 35/99.

**ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN**

**3. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.-** Acórdase incoar expediente contraditorio para a interpretación do contrato suscrito coa compañía prestadora do servizo de asistencia sanitaria aos funcionarios e outros traballadores e xubilados do Concello de Lugo con motivo da reclamación dunha funcionaria.

Acórdase prorrogar polo prazo dun ano, contado dende o 30 de xullo de 2013, o contrato administrativo correspondente ao servizo de atención ao público, coordinación e desenvolvemento de actividades socioeducativas nos centros municipais da Casa das Linguas, sitas na estrada da Granxa e Piringalla.

Acórdase desestimar o recurso de reposición interposto contra o decreto de adjudicación da contratación dunha entidade que xestione un programa de formación e deseñe un portal empresarial para a Praza de Abastos e Mercado Municipal de Quiroga Ballesteros, cofinanciadas nun 80% pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (PO FEDER Galicia 2007-2013). Proxecto 12UR2001 URBAN formación ocupacional comercio e proxecto 12UR4002 URBAN Praza de Abastos.

Acórdase aprobar a revisión de prezos para o período comprendido entre o 20 de maio de 2013 ata o 19 de maio de 2014 para a actualización do contrato correspondente ao servizo de prestación das actividades extraescolares e complementarias levadas a cabo pola Concellería de Educación nos CEIPS do Concello de Lugo.

Así mesmo, acórdase aprobar a revisión de prezos para o período que vai dende o 28/05/2013 e o 27/05/2014 do contrato administrativo asinado coa entidade

Código Seguro de verificación:V8DOzIzMQj15XVqS/oPXcQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>  
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Manuel Enrique Chain Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural	FECHA	31/07/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	V8DOzIzMQj15XVqS/oPXcQ==	PÁGINA 2/4

  
V8DOzIzMQj15XVqS/oPXcQ==

adxudicataria da contratación do servizo público municipal do Centro de Día Novo Antonio Gandoy.

Acórdase desestimar o escrito de alegacións presentado en relación co pagamento das taxas de ocupación de dominio público da caseta e o caldeiro número 2 para as Festas de San Froilán, deixando sen efecto a autorización concedida para a ocupación do caldeiro número 2, e acórdase, así mesmo, iniciar un novo expediente de cara á adxudicación da ocupación de dominio público do dito caldeiro número 2.

En relación co convenio de colaboración subscrito para o desenvolvemento do Campus Universitario de Lugo, acórdase a desestimación da solicitude de cumprimento dos compromisos adoptados e a denuncia, ao seu vencemento, do referido convenio.

**4. FACENDA LOCAL.-** Acórdase a regularización de situación tributaria en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao renunciar á licenza de obras outorgada para reforma de vivenda de planta sexta B sita na rúa Doutor Gasalla, 28.

Tamén se acorda a regularización de situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos, ao denegarse a licenza solicitada para a instalación dunha estación base de telefonía móbil na rúa Recatelo, 7.

Igualmente, acórdase a regularización de situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao denegarse a licenza solicitada para reforma e acondicionamento interior de nave sita na rúa dos Canteiros, 72.

**Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:**

Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación das obras do Plan de sinalización turística do patrimonio cultural integrado no "Plan integral de promoción turística da zona rural de O Corgo, Lugo e Rábade" liderado polo Concello de Lugo, esta actuación está cofinanciada pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2007-2013, así como o proxecto básico e de execución, o gasto, a adxudicación por procedemento negociado e a apertura do procedemento de adxudicación.

Delegar no Excmo. Sr. Alcalde do Concello de Lugo a competencia para a aprobación das bases do proceso selectivo para a contratación temporal de dous xefes de brigada para a defensa contra incendios forestais, e para a aprobación das bases do proceso selectivo para a contratación temporal de dez peóns condutores

Código Seguro de verificación: V8DOzIzMQj15XVqS/oPXcQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>  
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Manuel Enrique Chain Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural		FECHA	31/07/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	V8DOzIzMQj15XVqS/oPXcQ==	PÁGINA	3/4
 V8DOzIzMQj15XVqS/oPXcQ==				

para a defensa contra incendios forestais, así como para a aprobación da designación dos membros integrantes do tribunal dos ditos procedementos selectivos.

**Asinado polo Tenente de Alcalde Delegado da Área de Infraestruturas e Medio Rural e Concelleiro-Secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, Manuel Enrique Chaín Fernández.**

Código Seguro de verificación:V8DOzIzMqj15XVqS/oPXcQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>  
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Manuel Enrique Chaín Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural		FECHA	31/07/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	V8DOzIzMqj15XVqS/oPXcQ==	PÁGINA	4/4
				
V8DOzIzMqj15XVqS/oPXcQ==				